

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019-2020

CENTRO: IES Arcebispo Xelmírez-2. Santiago de Compostela

DEPARTAMENTO: Lingua Galega e Literatura

**MATERIAS: - Lingua Galega e Literatura (ESO e bacharelato)
- Lingua Portuguesa (2ª L. estranxeira. ESO e bach)
- Cultura Clásica (optativa, 3º ESO)**

DATA: maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Introducción
2. Adaptacións concretas das programacións do departamento
 - 2.1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
 - 2.2. Avaliación do alumnado coa referencia dos dous primeiros trimestres
 - 2.3. Cálculo da cualificación final da avaliación ordinaria
 - 2.4. Proba extraordinaria de setembro
 - 2.5. Alumnado coa materia pendente
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación)
4. Información e publicidade

IES Arcebispo Xelmírez-2
Departamento de Lingua Galega e Literatura
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Introducción. Redáctase esta Adaptación de acordo coas “Directrices xerais” das “Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación para o desenvolvemento do 3º trimestre do curso académico 2019-2020”.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura está celebrando Reunións de Departamento aproximadamente cada dez días (das que se redactan e arquivan as correspondentes actas) por medios telemáticos desde que se decretou a suspensión das clases presenciais o pasado 14 de marzo de 2020. Estas reunións teñen lugar por vías telemáticas. Á parte delas, case a diario, e por vía telefónica os membros deste departamento manteñen intercambios de opinións sobre os aconteceres novidosos que a nova situación provoca na práctica docente.

O punto de partida do departamento é adaptarse á nova situación e seguir as citadas Instrucións desde o punto en que quedaron avanzadas as programacións dos diferentes cursos e grupos a día 13 de marzo de 2020. Na Reunión de Departamento do pasado 14 de abril quedou constancia do seguimento coincidente das programacións, independentemente do profesor que impartise en calquera dos grupos dos diferentes cursos. En liñas xerais, quedaron explicados e avaliados aproximadamente dous terzos da programación de cada curso (algo máis en 2º de bacharelato), o que se corresponde co calendario escolar, que consumira a aquela altura do curso dous terzos da súa duración (algo máis en 2º de bacharelato). O Anexo á acta da citada Reunión de Departamento así o mostra.

A práctica docente dos cinco profesores do departamento desde o peche das aulas ata agora (principios de maio) foi seguindo as instrucións

provisionais da Consellería de Educación e agora acomódase ás Instrucións do 27 de abril citadas. Daquela, a práctica docente deste profesorado de aquí a fin de curso será:

- Centrar as orientacións e as tarefas propostas ao alumnado en que adquiran as competencias imprescindibles do curso no que están, como preparación básica para o curso seguinte.

- Sen perder de vista estas competencias específicas da materia, tamén se observa a necesidade de que o alumnado acade as competencias básicas propias da idade e curso.

- Atender especificamente o alumnado que non superou a 1ª e/ou 2ª avaliacións proponendo actividades e tarefas orientadas á súa recuperación: repetición, repaso e reforzo, basicamente.

- Para o alumnado que tiña superadas esas dúas avaliacións propóñense actividades de repaso e mesmo de ampliación moderada, que en ningún caso será obxecto de avaliación negativa. Pero si poden servir para acadar unha cualificación final na avaliación ordinaria superior á que tiñan no mes de marzo.

2. ADAPTACIÓNS CONCRETAS DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO

Para dar cumprimento ás Instrucións citadas (puntos 6.8, 6.9, 6.10 e 6.11) é necesario adaptar varios apartados da programación do Departamento de Lingua Galega e Literatura, debatida, aprobada e presentada a principios do presente curso con data de setembro de 2019. Estas adaptacións foron debatidas no seo deste Departamento, por diferentes medios telemáticos, ao longo de varios días de abril e maio e aprobadas na reunión de departamento que tivo lugar o luns 11 de maio de 2020.

● 2.1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Lingua Galega e Literatura

1º da ESO

- *Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.* Non se esixe ter acadado unha absoluta corrección na produción de textos orais. Imprescindible ter demostrada unha mínima fluidez oral e avances no emprego dun léxico adecuado.

- *Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.* Non se esixe ter acadado unha absoluta corrección na produción de textos escritos. Imprescindible ter demostrada unha mínima corrección no emprego da lingua escrita (ortografía e morfosintaxe), que supere as limitacións propias da etapa anterior.

- *Bloque 3. Funcionamento da lingua.* Redúcese a esixencia dun vocabulario tan amplo e culto como todo o previsto para este curso. Imprescindible a claridade expresiva en discursos sinxelos e o respecto polas normas ortográficas e morfolóxicas básicas da lingua.

- *Bloque 4. Lingua e sociedade.* Non se esixe detalle da situación sociolingüística da lingua e da lexislación ao respecto. Imprescindible o coñecemento da existencia das diferentes linguas da Península Ibérica e dos territorios onde se empregan.

- *Bloque 5. Educación literaria.* A esixencia da produción de textos con intención claramente literaria redúcese á produción de textos moi sinxelos. Imprescindible o coñecemento das características e diferenzas entre os xéneros literarios.

2º da ESO

- *Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.* Redución da esixencia no emprego oral dun léxico variado, culto e da fraseoloxía. Imprescindible a identificación de ideas principais e secundarias dos textos e das mensaxes con prexuízos ou discriminacións.

- *Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.* Esixencia relativa en canto ao rexistro formal da lingua. Imprescindible a interpretación da información relevante

e distinción da secundaria, e a produción de textos propios da vida cotiá con corrección formal e lingüística.

- *Bloque 3. Funcionamento da lingua.* Esixencia parcial do vocabulario propio do curso. Imprescindible a creación de resumos sen parafrasear o texto e de descrições coa corrección adecuada ao curso.

- *Bloque 4. Lingua e sociedade.* Non se esixe o coñecemento da lexislación relativa á lingua. Imprescindible coñecer a situación sociolingüística do galego en Galicia e os prexuízos sobre a lingua.

- *Bloque 5. Educación literaria.* Coñecemento soamente básico dos subxéneros e dos recursos literarios menos frecuentes. Imprescindible a distinción entre os xéneros, as características de cada un e a clasificación de textos concretos.

3º da ESO

- *Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.* Esixencia relativa en canto ao léxico do curso e fraseoloxía. Imprescindible a diferenza entre ideas principais e secundarias dos textos informativos.

- *Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.* Menor esixencia en canto ao manexo de táboas, gráficos e mapas conceptuais. Imprescindible a interpretación do sentido dos textos e a realización de esquemas de contido.

- *Bloque 3. Funcionamento da lingua.* Non se considera a necesidade de interpretar o sentido de textos complexos ou a intención comunicativa dos seus emisores. Imprescindible o uso de conectores sinxelos que dean cohesión a un texto, respecto polas normas gramaticais básicas e signos de puntuación.

- *Bloque 4. Lingua e sociedade.* Non se esixe o coñecemento a fondo da historia da lingua galega. Imprescindible a comprensión dos termos bilingüismo e diglosia e a súa aplicación ao caso galego, e tamén o coñecemento da variedade estándar.

- *Bloque 5. Educación literaria.* Non se chega ao comentario dos textos literarios pero si debe coñecer as características das etapas da literatura galega desde a Idade Media ao Rexurdimento, así como as obras máis relevantes.

4º da ESO

- *Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.* Laxitude no tema da fonética galega correcta e na comprensión da fraseoloxía. Imprescindible a análise das partes dun texto así como a identificación das ideas principais e das secundarias.
- *Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.* Non se esixe o coñecemento a fondo da estrutura dun xornal nin das características dos distintos tipos de textos xornalísticos. Imprescindible a elaboración de cadros esquemáticos e resumos e o uso de ferramentas electrónicas de produción e corrección de textos.
- *Bloque 3. Funcionamento da lingua.* Relativo coñecemento das estruturas sintácticas e dos mecanismos de funcionamento internos. Imprescindible a elaboración de textos coherentes e cohesionados, con corrección lingüística.
- *Bloque 4. Lingua e sociedade.* Non se esixe o coñecemento a fondo da lexislación lingüística española e autonómica. Imprescindible o coñecemento da realidade sociolingüística galega histórica e actual: épocas, actitudes e datos.
- *Bloque 5. Educación literaria.* Non se esixe o coñecemento exhaustivo da literatura de fins do século XX e século XXI. Imprescindible o coñecemento dos períodos literarios máis marcados desde 1916 a fin do século XX.

1º de bacharelato

- *Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.* Laxitude nas intervencións orais e debates planificados (que esixen moita práctica). Imprescindible coñecer os procedementos prosódicos que dan coherencia a un texto oral.
- *Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.* Non se esixe o coñecemento pasivo das variantes dialectais. Imprescindible interpretar textos escritos de todo tipo e emitir, con corrección expresiva, xuízos orais e razoados sobre calquera texto escrito.
- *Bloque 3. Funcionamento da lingua.* Non son esixibles os coñecementos conceptuais da lingüística xeral. Imprescindible producir textos de todo tipo con

corrección gramatical, coherencia e cohesión e manexo das formas correctas de todas as clases de palabras.

- *Bloque 4. Lingua e sociedade.* Non se esixe o coñecemento do galego antigo ou medio. Imprescindible o coñecemento das etapas máis caracterizadas da historia externa do galego ata 1916.

- *Bloque 5. A literatura.* Coñecemento superficial da literatura dos Séculos Escuros e só achegamento á literatura de Rosalía, Pondal e Curros (final do temario). Imprescindible a literatura medieval e o concepto xeral de Rexurdimento.

2º de bacharelato

- *Bloque 1. Comunicación oral. Falar e escoitar.* Non se atenúa o nivel de esixencia dos estándares: imprescindible recoller ideas fundamentais e secundarias, elaboración de esquemas e resumos. Comentario crítico e argumentado de textos.

- *Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.* Producir textos de todo tipo con coherencia e cohesión e asemade absoluta corrección gramatical e ortográfica.

- *Bloque 3. Funcionamento da lingua.* Non se esixe unha análise sintáctica de oracións moi complexas. Imprescindible o coñecemento da fonética propia do galego e dos mecanismos morfolóxicos de ceación de novas palabras.

- *Bloque 4. Lingua e sociedade.* Non se esixe a elaboración de textos que analicen ou propoñan debate sobre cuestións sociolingüísticas pero si o coñecemento da historia externa do galego de 1916 aos días actuais e dos conceptos básicos de sociolingüística.

- *Bloque 5. Educación literaria.* Non se esixe o coñecemento da literatura do exilio nin do posfranquismo (últimos temas). Pero si a poesía, narrativa e teatro (tendencias, autores e obras máis características) do primeiro terzo de século e do período da ditadura (1916-1976).

LINGUA PORTUGUESA (2ª L. ESTRANXEIRA)

1º da ESO e 1º de bacharelato

Non serán esixibles os contidos gramaticais avanzados (verbos, pronomes peroais...) nin a produción de textos complexos previstos para a 3ª avaliación. Pero considéranse competencias imprescindibles (para o reforzo ou ampliación) os contidos vistos e traballados na 1ª e 2ª avaliacións, que se referiron a aspectos básicos para a comprensión oral e escrita de textos en portugués e para a expresión de textos sinxelos na mesma lingua (vocabulario elemental e verbos regulares e frecuentes).

CULTURA CLÁSICA. 3º de ESO

Non son esixibles os contidos previstos para o 3º trimestre: a cultura romana. Si son coñecementos imprescindibles e esixibles os aspectos básicos da filosofía (na base da comprensión da cultura clásica grega), a arte grega, o significado da polis, o coñecemento da mitoloxía e a relevancia das obras *Iliada* e *Odisea*.

● 2.2. Avaliación do alumnado coa referencia dos dous primeiros trimestres

De acordo coas Instrucións recibidas do Ministerio e da Consellería de Educación, a avaliación e cualificación do alumnado ha de referirse preferentemente aos resultados merecidos e acadados unha vez rematadas a 1ª e a 2ª avaliación, se estas fosen positivas. Daquela, os resultados académicos obtidos por cada alumno/a ao termo da 2ª avaliación darán a pauta preferente para poder cualificalos na avaliación final ordinaria de xuño. Con todo, o alumnado aprobado en avaliación continua a data da 2ª avaliación pode seguir optando a mellorar a súa cualificación final coas tarefas que se lle encomenden durante o terceiro trimestre. Estas tarefas non será propiamente avaliáveis para facer media coas dúas anteriores pero si para optar a mellorar eses resultados. Obviamente, ao alumnado que teña suspensa algunha das avaliacións anteriores se lle encomendarán tarefas de reforzo orientadas á

equiparación dos seus coñecementos e á recuperación dos seus resultados anteriores.

● 2.3. Cálculo da cualificación final da avaliación ordinaria

A práctica docente posta en marcha no terceiro trimestre obriga a modificar o cálculo da cualificación final prevista na programación do departamento. Nas actuais circunstancias xa non se pode aplicar que *“O alumno debe superar satisfactoriamente as tres avaliacións a que foi sometido ao longo do curso de maneira que, aplicando as porcentaxes expresadas no apartado anterior, en cada avaliación obteña na suma unha cualificación de 5 puntos ou máis”*. E tamén: *“A cualificación definitiva na avaliación final ordinaria de xuño será, por defecto dos decimais, a media aritmética das tres avaliacións parciais do curso. Insítese en que esta media só se aplicará se as tres avaliacións parciais do curso están cualificadas (ou recuperadas) con nota de 5 ou superior”*. (pp. 71 e 100 da Programación).

Tampouco poden ser considerados elementos de avaliación estes: o traballo cotián, a expresión oral, a actitude ou o traballo cooperativo na aula, etc., que son imposibles neste 3º trimestre de docencia non presencial. A lectura obrigatoria do 3º trimestre poderá ser tarefa de ampliación, pero é necesario dar outra tarefa alternativa polas dificultades para mercar ou pedir prestadas esta lecturas (librarías e bibliotecas pechadas, mobilidade persoal reducida).

Por tanto, a **cualificación final** do alumnado obterase desta maneira:

- A) Quen teña suspensa a 1ª e/ou a 2ª avaliación recupera a(s) avaliación(s) suspensa(s) e aproba a materia se **realiza as tarefas de recuperación** que se lle propoñen ao longo do 3º trimestre e as resolve **satisfactoriamente** e nos **prazos** indicados.

- B) O alumnado que levaba o curso aprobado na data do 13 de marzo de 2020 está aprobado. A súa cualificación será a media do obtido na 1ª e na 2ª avaliación. As tarefas de ampliación que se lle propoñan no 3º trimestre poden servir para subir esa cualificación final, **ata un máximo de 1 punto**, sempre que entregue as tarefas encomendadas, que estean ben realizadas e nos prazos establecidos.

- C) Un capítulo áparte merece o tratamento do alumnado que, tendo aprobadas a 1ª e a 2ª avaliacións, desexe subir nota durante o 3º trimestre **pedindo novas probas e unha nova avaliación** dos contidos dos trimestres anteriores. Dado que a avaliación é continua, **moi excepcionalmente** un alumno/a poderá optar a subir nota repetindo probas dunha avaliación anterior xa aprobada. Nas actuais circunstancias de docencia só podería optar se cumpre estas condicións que acordou o Departamento:

- . 1. Non tivo ocasión anterior, durante o curso, de mellorar esa cualificación.
- . 2. Pode aspirar a mellorar a cualificación **só dun exame ou proba** das dúas avaliacións anteriores: aquel no que teña menor cualificación.
- 3. A cualificación dese exame ha de ser inferior en 2 puntos ou máis á media dese alumno/a. (Porque se non hai tal diferenza está claro cales son as marxes do nivel do alumno/a, e tamén que as cualificacións obtidas son as acaídas ao seu rendemento e resultados).
- . 4. O límite da nova cualificación é subir ata 2 puntos, máximo, esa proba ou exame repetido.

● 2.4. Proba extraordinaria de setembro

Se as circunstancias o permiten, realizarase segundo o previsto na Programación Didáctica aprobada a inicios de curso, coa diferenza de que se centrará nos estándares de aprendizaxe indicados no primeiro punto deste apartado “Adaptacións concretas”. De non ser posible a súa realización, adoptaranse as medidas que estableza a Consellería de Educación.

● 2.5. Alumnado coa materia pendente

Tamén neste caso a suspensión das clases presenciais obriga a variar o planteamento expresado na Programación do Departamento. No momento de pechar as aulas o profesor encargado deste alumnado xa fixera e corrixiu dous dos tres exames en que se divide o temario específico para alumnado pendente. Faltaba por realizar o 3º exame e o exame final, última oportunidade para quen non acadara o aprobado nalgún dos tres parciais. Quedou pendente de facer, pois, o terceiro exame e tamén o final. En vista da nova situación, o profesor do alumnado pendente xa contactou por vía telefónica e telemática con este alumnado e xa lle fixo chegar as tarefas que deben resolver satisfactoriamente e nos prazos propostos. Ao non ser alumnado de clases presenciais na pendente, o profesor de pendentes deulles conta desta situación e destas xestións tanto aos respectivos titores/as deste alumnado como aos seus profesores de Lingua Galega do curso no que están matriculados.

Para o resto do procedemento seguirase o previsto na Programación: no mes de xuño o profesor de pendentes emitirá un informe ao profesor de aula de Lingua Galega de cada alumno/a pendente e será este profesor o que poña a cualificación definitiva na avaliación final ordinaria de xuño, tanto da materia pendente como da correspondente do curso.

● 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

- **Actividades.** En tódolos casos: ensaios, cuestionarios, actividades de relación e reflexión, resolución de problemas, interpretación de documentos, traballos de investigación.
- **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade).** Metodoloxías activas que fomenten a transferencia do aprendido e o

desenvolvemento da autonomía persoal e a competencia de aprender a aprender, mediante:

- . Alumnado con conectividade:

Uso de plataformas educativas (aula virtual do centro, Edmodo, Google Classroom, blogues, e outras contornas de aprendizaxe). Correo electrónico

- . Alumnado sen conectividade:

Avisos telefónicos para a entrega de material impreso coas tarefas e a información necesaria para a súa realización. Recollida regular.

- **Materiais e recursos.** Todo o alumnado atopará os materiais e recursos nas plataformas usadas polo profesorado: aula virtual, edmodo, blogs, googleclassrooms. Incluirán, ademais das propias tarefas a realizar, materiais de elaboración propia, libros dixitais, enlaces a sitios web. Os recursos serán tanto textuais como gráficos, cartográficos, visuais e audiovisuais.

● 4. Información e publicidade

- **Información ao alumnado e ás familias.** Empréganse estes procedementos para informar ao alumnado: correo electrónico, abalarmobil, foros das plataformas educativas (Aula virtual do instituto) e teléfono (do profesorado e do instituto).

- **Publicidade.** Publicación destas adaptacións na páxina web do centro, avisando por abalarmobil da súa publicación.

O xefe do Departamento de Lingua Galega e Literatura:

Carlos Álvarez Lebrede